

Grecia, un museo vivente.
Cómo manter vivo un patrimonio folclórico.
O Correo da Unesco, 02/1996, pp 34-35.

O Teatro de Danza Grega Dora Stratou, situado a ceo aberto no medio do piñeiral que cobre as encostas do monte Filópapos, fronte á Acrópole de Atenas, é hoxe en día case tan famoso coma a súa prestixiosa vecina. Fundado en 1953, este museo vivente da danza grega é ó mesmo tempo un conservatorio, un teatro, un instituto de investigación, unha escola e, por suposto, un grupo de danza folclórica.

Esta institución, única no seu xénero, emprega un método orixinal para o recrutamento dos seus bailarías. Tódolos anos, no mes de xaneiro, chegan candidatos de toda Grécia para participar, cos mais experimentados da compañía, en ensaios que duran uns tres meses, tempo necesario para descartar aqueles aspirantes que non acadaron o nivel esixido. Tras esta primeira selección, quedan tan só uns trinta candidatos, entre os que serán elixidos os novos bailaríns antes do comezo das representacións en maio.

Unha vez admitidos, os bailaríns deben traballar tres horas diarias (ensaios e espectáculos incluídos), os sete días da semana, durante os cinco meses da estación estival. A súa dedicación ó traballo non está motivada pola modesta remuneración que perciben para cubri-los seus gastos mais indispensables, senón por un auténtico amor á arte.

Cando o Teatro decide incluír no seu programa as danzas e os cantos dunha illa ou dunha aldea en particular, un equipo de especialistas desprázase ó lugar, co fin de recoller información sobre a historia e as tradicións locais. Mais tarde un grupo do Teatro, ó que habitualmente se incorporan algúns bailaríns, pasa uns días na aldea para tomar contacto cos habitantes e estudia-la súa cultura. Entrevistan os vellos, anímanos para que interpreten a súa música e as súas danzas tradicionais, realizan gravacións e, por último, trasladan toda esa documentación a Atenas, onde músicos e bailaríns se dedicarán a estudiala.

A continuación o Teatro convida un grupo reducido de habitantes da aldea para que viaxen á capital. Toda a compañía toca e baila con eles; isto permite que cada

un se poida impregnar das peculiaridades dos diferentes estilos. Os visitantes séntense orgullosos de actuar durante un certo tempo como embaixadores da súa cultura local. Ó mesmo tempo, tamén se estimula a súa vontade de perpetuar esas tradicións na súa propia comunidade. Na actualidade, o grupo de danza do Teatro inclúe no seu repertorio danzas e cantos dunhas oitenta aldeas e tódolos anos se enriquece cōa incorporación de manifestacións artísticas dun ou de dous mais.

O mesmo método é utilizado tamén para a música. Concédesele unha atención particular á especificidade do estilo vocal e da interpretación de cada aldea, así como ós instrumentos. A compañía conta con dous cantantes e con quince intérpretes de música tradicional titulares que participan diariamente nos ensaios e nos espectáculos. Nunca se baila con música gravada, co fin de preservar a relación persoal que existe entre bailaríns e músicos, que é unha das características da cultura popular tradicional.

Tamén se lle atribúe unha gran importancia á vestimenta. O Teatro posúe unha das principais coleccións do país de traxes tradicionais gregos: 2.500 segundo o último inventario; a metade deles ten entre cincuenta e cen anos de antigüidade. Como xa non é posible encontrar estes traxes no comercio, hai que mercárllelos ós aldeáns ou fabricalos de acordo cos métodos tradicionais de tecido, tinte e bordado.

Na súa faceta de conservatorio e centro de arte popular, unha das principais actividades do Teatro consiste en realizar cursos de danza para afeccionados, para profesionais e mesmo para nenos. Tódalas fins de semana se organizan obradoiros nos que os alumnos poden interpretar, vestidos con traxes tradicionais, bailes e músicas dunha determinada rexión de Grecia. Tamén se realizan cursos de verán para profesores estranxeiros que desexen integrar os bailes folclóricos gregos nos seus programas de ensino. Un medio excelente de asegurar a perennidade desta cultura en todo o mundo.

Por último, o Teatro de Danza Grega funciona tamén como unha empresa de gravación e edición. O seu catálogo conta, polo de agora, con 45 discos e cassetes e con numerosos libros etnográficos centrados en diversos aspectos da danza, a música e os traxes gregos.

Alkis Raftis sociólogo grego, é presidente do Teatro de Danza Grega Dora Stratou,

en Atenas, e membro do Consello Internacional da Danza. É autor de varias obras sobre

*temas da súa especialidade, en particular *The World of Greek Dance*, (1987), *O universo da**

danza grega).

as metamorfoses da tradición

GRECIA
un museo vivente
por Alkis Raftis

Cómo manter vivo un patrimonio folclórico.



Danza de carnaval, exhibición de Naasa, no monumento de Grecia.

O Teatro de Danza Grega Dora Stratou, situado a ceo aberto no medio do pinhal que cobre as encostas do monte Filopos, fronte á Acrópole de Atenas, é hoxe en día case tan famoso coma a súa prehistórica veciña. Fundado en 1955, este museo vivente da danza grega é ó mesmo tempo un conservatorio, un teatro, un instituto de investigación, unha escola e, por suposto, un grupo de danza folclórica.

Esta institución, única no seu xénero, emprega un método orixinal para o recrutamento dos seus bailaríns. Tódolos anos, no mes de xaneiro, chegan candidatos de toda Grecia para participar, cos máis experimentados da compañía, en ensaios que duran uns tres meses, tempo necesario para descartar aqueles aspirantes que non acadaron o nivel exixido. Tras esta primeira selección, quedan tan só una trinta candidatas, entre as que serán elixidos os novos bailaríns antes do comezo das representacións en maio.

Unha vez admitidos, os bailaríns deben traballar tres horas diarias (ensaios e espectáculos incluídos), os sete días da semana, durante os cinco meses da estación estival. A súa dedicación ó traballo non está motivada pola modesta remuneración que perciben para cubrir os seus gastos máis indispensa-

bles, senón por un auténtico amor á arte.

Cando o Teatro decide incluír no seu programa as danzas e os cantos dunha illa ou dunha aldea en particular, un equipo de especialistas desprázase ó lugar, co fin de recoller información sobre a historia e as tradicións locais. Máis tarde un grupo do Teatro, ó que habitualmente se incorporan algúns bailaríns, pasa uns días na aldea para tomar contacto cos habitantes e estudar a súa cultura. Entrevistan os vellos, sintoníanos para que interpreten a súa música e as súas danzas tradicionais, realizan gravacións e, por último, trasladan toda esa documentación a Atenas, onde músicos e bailaríns se dedicarán a estudala.

A continuación o Teatro convida un grupo reducido de habitantes da aldea para que viaxen á capital. Toda a compañía toca e baila con eles, isto permite que cada un se poida impregnar das peculiaridades dos diferentes estilos. Os visitantes séntense orgullosos de actuar durante un certo tempo como embaixadores da súa cultura local. Ó mesmo tempo, tamén se estimula a súa vontade de perpetuar esas tradicións na súa propia comunidade. Na actualidade, o grupo de danza do Teatro inclúe no seu repertorio danzas e cantos dunhas oitenta aldeas e tódolos anos se enriquece coa incorporación de manifestacións artísticas duns ou de dous máis.

O mesmo método é utilizado tamén para a música. Concédeslle unha atención particular á especificidade do estilo vocal e da interpretación de cada aldea, así como ós instrumentos. A compañía conta con dous cantantes e con quince intérpretes de música tradicional titulares que participan diariamente nos ensaios e nos espectáculos. Nunca se baila con música gravada, co fin de preservar a relación persoal que existe entre bailaríns e músicos, que é unha das características da cultura popular tradicional.

Tamén se lle atribúe unha gran importancia á vestimenta. O Teatro posúe unha das principais coleccións do país de traxes tradicionais gregos: 2.500 segundo o último inventario; a metade deles ten entre cincuenta e cen anos de antigüidade. Como xa non é posible encontrar estes traxes no comercio, hai que mercarlíellos ós aldeáns ou fabricalos de acordo cos métodos tradicionais de tecido, tintura e bordado.

Na súa faceta de conservatorio e centro de arte popular, unha das principais actividades do Teatro consiste en realizar cursos de danza para afeccionados, para profesionais e mesmo para nenos. Tódalas fins de semana se organizan obradoiros nos que os alumnos poden interpretar, vestidos con traxes tradicionais, bailes e músicas dunha determinada rexión de



© Teatro de Danza Grega Dora Stratou, Atenas

Unha parella interpreta unha danza de Kifisi, unha aldea de Eubea.

Grecia. Tamén se realizan cursos de verán para profesores estranxeiros que desexen integrar os bailes folclóricos gregos nos seus programas de ensino. Un medio excelente de asegura-la perennidade desta cultura en todo o mundo.

Por último, o Teatro de Danza Grega funciona tamén coma unha empresa de gravación e edición. O seu catálogo conta, polo de agora, con 45 discos e cassetes e con numerosos libros etnográficos centrados en diversos aspectos da danza, a música e os traxes gregos.

O Consello Internacional Da Danza (CID)

A danza é unha maneira de existir, escribe o filósofo Roger Caillois. Ó evolucionar co seu tempo e se impregnar do maior número posible de culturas, a danza logra expres-la vida en toda a súa riqueza e diversidade. Estudia-la arte coreográfica de culturas diferentes á nosa non significa copiar mecanicamente os seus pasos e doutros, senón enriquece-la linguaxe da danza co fin de prepara-lo corpo para que traduca en movementos, mediante novos interrogantes e novas respostas, a nosa relación co mundo.

Segundo esta concepción da danza, como arte total e linguaxe universal, o Consello Internacional da Danza, que foi creado en 1973 baixo os auspicios da UNESCO, definiu as súas metas principais. A finalidade do Consello é impulsar a danza en tódalas súas formas, loitando por salvagardala como patrimonio inmaterial, estimulando a creación e a investigación coreográfica e coreolóxica e propiciando a súa integración na educación xeral. En colaboración coa UNESCO, fomenta a creación de centros de documentación especializados, a constitución de comités nacionais, a organización de congresos, festivais e concursos e a formación de creadores e intérpretes.

CID-UNESCO, 1, rue Mollat, 75015 Paris-Francia. Enderezo postal: 75732 Paris CEDEX 15. Tel.: (33-1) 45 08 25 53. Fax: (33-1) 42 90 87 86.

as metamorfoses da tradición

GRECIA *un museo vivente*

por *Alkis Raftis*

*Cómo manter
vivo un
patrimonio
folclórico.*



Danza de carnaval,
esfizaría de Naasa, no
noroeste de Grecia.

© Teatro de Danza Grega Dora Straton, Atenas.

ALKIS RAFTIS,
sociólogo grego, é presidente do
Teatro de Danza Grega Dora Straton,
en Atenas, e membro do
Consello Internacional da Danza.
É autor de varias obras sobre
temas da súa especialidade, en
particular *The World of Greek
Dance* (1987), *Universo da
danza grega*.

O Teatro de Danza Grega Dora Straton, situado a ceo aberto no medio do piñeirál que cobre as encostas do monte Filópapos, fronte á Acrópole de Atenas, é hoxe en día case tan famoso coma a súa prestixiosa veciña. Fundado en 1953, este museo vivente da danza grega é ó mesmo tempo un conservatorio, un teatro, un instituto de investigación, unha escola e, por suposto, un grupo de danza folclórica.

Esta institución, única no seu xénero, emprega un método orixinal para o recrutamento dos seus bailaríns. Tódolos anos, no mes de xaneiro, chegan candidatos de toda Grecia para participar, cos máis

experimentados da compañía, en ensaios que duran uns tres meses, tempo necesario para descartar aqueles aspirantes que non acadaron o nivel esixido. Tras esta primeira selección, quedan tan só uns trinta candidatos, entre os que serán elixidos os novos bailaríns antes do comenzo das representacións en maio.

Unha vez admitidos, os bailaríns deben traballar tres horas diarias (ensaios e espectáculos incluídos), os sete días da semana, durante os cinco meses da estación estival. A súa dedicación ó traballo non está motivada pola modesta remuneración que perciben para cubri-los seus gastos máis indispensa-

bles, senón por un auténtico amor á arte.

Cando o Teatro decide incluír no seu programa as danzas e os cantos dunha illa ou dunha aldea en particular, un equipo de especialistas desprázase ó lugar, co fin de recoller información sobre a historia e as tradicións locais. Máis tarde un grupo do Teatro, ó que habitualmente se incorporan algúns bailaríns, pasa uns días na aldea para tomar contacto cos habitantes e estudar a súa cultura. Entrevistan os vellos, animáneos para que interpreten a súa música e as súas danzas tradicionais, realizan gravacións e, por último, trasladan toda esa documentación a Atenas, onde músicos e bailaríns se dedicarán a estudiala.

A continuación o Teatro convida un grupo reducido de habitantes da aldea para que viaxen á capital. Toda a compañía toca e baila con eles; isto permite que cada un se poida impregnar das peculiaridades dos diferentes estilos. Os visitantes séntense orgullosos de actuar durante un certo tempo como embaixadores da súa cultura local. Ó mesmo tempo, tamén se estimula a súa vontade de perpetuar esas tradicións na súa propia comunidade. Na actualidade, o grupo de danza do Teatro inclúe no seu repertorio danzas e cantos dunhas oitenta aldeas e tódolos anos se enriquece coa incorporación de manifestacións artísticas dun ou de dous máis.

O mesmo método é utilizado tamén para a música. Concédese unha atención particular á especificidade do estilo vocal e da interpretación de cada aldea, así como ós instrumentos. A compañía conta con dous cantantes e con quince intérpretes de música tradicional titulares que participan diariamente nos ensaios e nos espectáculos. Nunca se baila con música gravada, co fin de preservar a relación persoal que existe entre bailaríns e músicos, que é unha das características da cultura popular tradicional.

Tamén se lle atribúe unha gran importancia á vestimenta. O Teatro posúe unha das principais coleccións do país de traxes tradicionais gregos: 2.500 segundo o último inventario; a metade deles ten entre cincuenta e cen anos de antigüidade. Como xa non é posible encontrar estes traxes no comercio, hai que mercárllelos ós aldeáns ou fabricalos de acordo cos métodos tradicionais de tecido, tintura e bordado.

Na súa faceta de conservatorio e centro de arte popular, unha das principais actividades do Teatro consiste en realizar cursos de danza para afeccionados, para profesionais e mesmo para nenos. Tódalas fins de semana se organizan obradoiros nos que os alumnos poden interpretar, vestidos con traxes tradicionais, bailes e músicas dunha determinada rexión de



© Teatro de Danza Grega-Tzani Kallitri, Atenas

Unha parella interpreta unha danza de Kiri, unha aldea da Illa de Eubea.

Grecia. Tamén se realizan cursos de verán para profesores estranxeiros que desexen integra-los bailes folclóricos gregos nos seus programas de ensino. Un medio excelente de asegura-la perennidade desta cultura en todo o mundo.

Por último, o Teatro de Danza Grega funciona tamén como unha empresa de gravación e edición. O seu catálogo conta, polo de agora, con 45 discos e cassetes e con numerosos libros etnográficos centrados en diversos aspectos da danza, a música e os traxes gregos. ■

O Consello Internacional Da Danza (CID)

A danza é unha maneira de existir, escribe o filósofo Roger Garaudy. Ó evolucionar co seu tempo e se impregnar de maior número posible de culturas, a danza logra expresar a vida en toda a súa riqueza e diversidade. Estudia-la arte coreográfica de culturas diferentes á nosa non significa copiar mecanicamente os pasos duns e doutros, senón enriquece-la linguaxe da danza co fin de prepara-lo corpo para que traduza en movementos, mediante novos interrogantes e novas respostas, a nosa relación co mundo.

Segundo esta concepción da danza, como arte total e linguaxe universal, o Consello Internacional da Danza, que foi creado en 1973 baixo os auspicios da UNESCO, definiu as súas metas principais. A finalidade do Consello é impulsar a danza en tódalas súas formas, loitando por salvagardala como patrimonio inmaterial, estimulando a creación e a investigación coreográfica e coreolóxica e propiciando a súa integración na educación xeral. En colaboración coa UNESCO, fomenta a creación de centros de documentación especializados, a constitución de comités nacionais, a organización de congresos, festivais e concursos e a formación de creadores e intérpretes.

CID-UNESCO, 1, rue Maitre, 75015 Paris-Francia. Enderezo postal: 75732 Paris CEDEX 15.
Tel.: (33-1) 45 68 25 53. Fax: (33-1) 43 06 87 98.